

Aporte sobre vellos cultos no Monte de Chamorro (Ferrol)

GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DE TRASANCOS*

Pousada docemente nas vellas rochas graníticas, con esa grave serenidade que só os sacros lugares son quen de ter, a ermida de Chamorro repousa a súa solemnidade na aba meridional do monte que lle dá nome; semella que gardase impertérrita o paso dos séculos, á cidade de Ferrol e maila meirande parte da súa fermosa bisbarra (fig. 1).

A cidade de Ferrol ten como santo patrón a San Xiao (compañeiro en martirio de San Ferreol, do que algúns, por non decir moitos, sospeitan que foi o que lle deu nome á cidade), que celebra as súas festas tralo día de reis; nembargantes, é no primeiro luns de Pascua cando as xentes de Ferrol, Serantes e arredores (ou sexa, a antiga Terra de Trasancos), celebran a romaría, que as leva a tomar ó asalto o monte de Chamorro, en interminables e ruidosas serpes multicores, que suben entre os piñeiros polas corredoiras, e como non, polo máis doadó da estrada, flanqueadas polo vía crucís; por non faltar, como en toda boa romaría (sempr de ámbito relixioso), non podemos esquece-los máis devotos, subindo de xeonllos ata o santuario, co anejo de facer realidades ás súas rogativas.

Esta ermida, ven sendo de sempre motivo de devoción e veneración a través dos séculos, sobre todo nas malas épocas, onde tódolos ollos fitaban á capela; pero realmente ¿cal é a orixe de tal devoción? Moitos e concretos son os estudos que se levaron a cabo neste pequeno curruncho do golfo Ártabro, intentando averigua-la orixe de tan firme culto no corazón da xente, e uns e outros foron facilitando o camiño ós seguintes investigadores cara ó seu esclarecemento.

Por unha banda, temos unhas pistas baseadas nas inscricións exteriores da ermida, que nos dan a información de varias remodelacións, pero todas de orixe bastante recente; pola




Fig. 1.- Plano de situación da ermida e petróglifo de Chamorro, que abrange a meirande parte do Concello e ría de Ferrol.

*A Asociación Cultural «Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos» constituiuse en Ferrol o 28/10/91, tendo por fins a investigación, inventariado, divulgación e preservación do patrimonio histórico-arqueolóxico. Está formada na actualidade por 15 membros.

outra banda, témola talla da Virxe, que moitos dataron no século XII, podendo abalalo a inscripción do chan do camarín, tralo retablo.

Chegados a este punto, xa temos unha data dabondo lonxana para ter un culto tradicional. Aló polo século XVII fixéreronse obras de ampliación na capela para recoller a lugar santo un pequeno burato no que apareceu a imaxe da Virxe; en realidade esta pequena cova non é outra cousa que o oco que queda entre a pena de embade e as súas basas. Segundo din, a Virxe deixou a súa faciana gravada nesta pedra para a posteridade; de feito, o lugar é moi estreito e difícil de traballar, o que lle da mais encanto á lenda.

Se estamos a falar dunha pena de embade, por todos é coñecido que temos que recuar, non só centos, senón miles de anos atrás para que teña funcionalidade; anque isto non é totalmente axeitado, porque son moitas e moi afamadas as que inzan as terras galegas e cáseque todas presentando lendas, e algunhas mesmo son milagreiras hoxe en día como a de Muxía.

Cando vemos esta pena cabaleira, hoxe atrapada polo martelo da ermida, podemos pensar de xeito romántico nun culto milenario ás divindades das pedras, das que tantas referencias temos; isto sería moi doado, e se cadra aceptable, pero non satisfactorio; temos que afondar un pouco máis no estudo. Se ollamos ben a pedra e os seus arredores, atopamos as pegadas dos antigos depósitos que afincaron nela, pero baixando un pouco cara á súa base sur, vemos unhas tenues gravuras moi afectadas pola erosión, que non teñen que ver coas abundosas marcas deixadas polas múltiples tarefas de extracción de granito, que tanto afectan ó monte.

Tralos primeiros traballos de inspección, logramos ter unha idea bastante precisa do que fá asomando pouco a pouco ante os nosos asombrados ollos: o conxunto rupestre estaba composto de circos concéntricos




Fig. 2.- Vista xeral do petroglifo de Chamorro.

Coordenadas xeográficas:

$43^{\circ} 30' 31,7''$ - $08^{\circ} 14' 32,7''$

Coordenadas UTM: 4817685 - 561240

Altura sobre o nivel do mar: 155 m.



Fig. 3.- Vista xeral da ermida de Chamorro coa ubicación do outeiro (altar) con petroglifo.

e coviñas, presentando unha máis grande preto do extremo leste (figura nº2); por fin iámonos achegando, atopabámonos ante un outeiro (de *altarium*, altar; véxase traballo de D. Luis Monteagudo neste *Anuario Brigantino*), pero ¿de que tipo? ¿de que época?; temos que seguir investigando, e a tarefa non é dodata por estar incompleto o devandito altar a causa da grave erosión.

Hai pouco tempo D. Alfredo Erias e D. Andrés Pena publicaron o achádego en San Xiao de Vigo (Paderne), do que calificaron como unha mesa de ofrendas, datada no Neolítico final (arredor do 3000 a. C.) que presenta un marcado paralelismo co de Chamorro.

Polo de pronto xa temos un comezo, pero áinda hai que averigua-lo tipo de culto que rendían os nosos devanceiros.

Os circos concéntricos e as coviñas son ben coñecidos ó longo da historia e dos continentes, o que nos da unha idea da grande extensión de versións culturais que poden ter acadado, pero a nós o que nos interesa é o noso, evidentemente. Moitos e moi variados son os traballos ó longo de Europa, que presentan teorías más que aceptables sobre os circos e a súa interpretación, que poden pasar dende soles a paraísos astrais, escudos, aras, e recentemente indicadores da presencia de brañas e auga; como xa dixemos, tódalas teorías son válidas e presentan bos exemplos, pero ¿onde encaixa o noso altar?

Polo visto ata o de agora, o culto a Chamorro, non é só secular, senón milenario, e o coñecemento atávico do noso pobo podería poñer algo de luz nesta escuridade.

Unha das tradicións más arraigadas na bisbarra ferrolá é a rogativa que se lle fai á Nosa Sra. do Nordés (alcume moi utilizado polos paisanos para nomea-la Virxe de Chamorro) nas épocas de grandes secas; este costume vense dando dende hai séculos e témolos perfectamente constatado no actual. Este tipo de rogativa non só é propia da bisbarra; de feito é moi común a toda Galicia e non é allea a moitos puntos de Europa onde aparece ben documentada.

Como punto de referencia, xa temos un culto ás augas polo que podemos escomenzar. Vexamos agora como se fan algúns tipos de rituais.

Na Galicia coñécemo-los seguintes, sen menoscabo de que se nos escapen outros:

-O Baño: os devotos meten á imaxe (da Virxe, Santo ou Cruz) no río, lago, fonte... para consegui-lo milagre.

-A Aspersión: consiste en rocia-la imaxe.

-O Lavadoiro: lávase ó Santo en cuestión.

-A Punición: este tipo de acción directa, semella ser moi antiga polo drástico do sistema; consiste en afundi-la imaxe na auga ata que faga chover. Esta última tentativa é un tanto radical e cáseque poderíamos falar de chantaxe (visto dende o século XX), anque pensamos que o motivo real en orixe foi outro; para tranquilidade dos fieis hai que recoñecer que rara vez se chega a tales extremos, pois unha persoa de peso na sociedade acostuma interceder dalgún xeito, impedindo o mergullamento.

Aclarado isto, ¿onde encaixa a nosa ara? Polas referencias recollidas dos cronistas, sobre todo da tradición oral no anterior e actual século, témo-la descripción da procesión que partindo da ermida, e levando á imaxe, fá cara Ferrol acompañada de miles de fieis cos seus correspondentes cregos e cruces parroquiais, flanqueando o camiño con froles, e axeonllándose ó paso da comitiva; o asunto non queda de todo reflexado, sen mencionar que incluso participaban as autoridades locais. Por último a comitiva chegaba á concatedral de San Xiao, patrón de Ferrol e santo moi afamado e milagreiro pola súa influencia nos fenómenos atmosféricos. Fálase tamén de levar no sitio da imaxe un inocente, ó que se lle lavan os pés.

Polo visto ata agora, atopámonos ante uns firmes rituais de maxia simpática de tipo hidrófilo, que se veñen repetindo ó longo dos séculos alén da memoria popular.

Con respecto ós petroglifos da mesa de ofrendas, movémonos nun mundo de conjecturas, e traballamos con material ben exiguo, pero neste caso tódolos tiros apuntan na mesma dirección. Como xa dixemos, a mesa non é un caso único: moitos e abondosos son os seus paralelos en toda Europa onde se usa como medio para atrae-la choiva; na época na que está datada a mesa, Europa sufriu unha grande seca o que non sorprende polo tanto, a súa abundancia. Xa dentro de Galicia, tivemos ocasión de constatar asociacións destes motivos con ocos naturais nas rochas, onde se recollen as augas pluviais.

Pero Chamorro non se conforma con ter un santo ó seu carón que controle a meteoroloxía, nin unha virxe que propicie a choiva, nin unha mesa de ofrendas de orixe neolítica, non: para rematar de completar os cultos hídricos, temos que salientar a presencia (non moi lonxe da ermida) dunha fonte de augas «milagreiras» de grande sona. Tal vez non sexa disparatado pensar que noutra época esta fonte estivese adicada a algún tipo de divindade (unha ninfa, por darlle un nome coñecido) que nos axudase a afondar no tema, nembargantes a escasa toponimia da zona non nos permite avanzar neste senso.

Pouco a pouco e coa axuda da xente, aparecerán mais restos destes cultos, e o noso deber é recollelos e conservalos, e lembrar que o que recibimos dos nosos devanceiros, anque hoxe o disfrutemos, temos que coidalo e facelo medrar porque é a heranza dos nosos netos, e nós só estamos de paso.